

Boris e compañía

Dende 1981, data na que Concha Blanco (Cee, 1950) comeza a escribir para nenos, numerosos títulos e algún que outro premio -O Facho, por exemplo, nos anos 1982 e 1983- avalan a súa traxectoria neste eido. Dende *Conchos prá escola*, o seu primeiro libro, ata un dos últimos, *Boris e compañía*, o seu percorrido incansable pola psicoloxía infantil e xuvenil fan que teñamos nesta mestra e escritora un referente da literatura actual deste xénero.

Hai un tempo, Concha Blanco daba a coñecer a Boris, unha gatiña moi especial que chega á casa de Laura dentro dunha caixa de agasallo e que fará as delicias da nena, creando entre elas uns vínculos de unión moi interesantes. Unha dolorosa decisión por parte dos pais da nena vai provocar que non vivan xuntas, mais permitindo que sigan véndose a diario. A partir de aquí comeza Boris e compañía e con ela unha sucesión de aventuras protagonizadas pola gata que porán a proba o enxeño de Artur, o seu novo dono, a paciencia de Matilde e Gustavo, pais de Artur, a tenrura de Laura e como non a intelixencia de Boris.

Sensibilidade cos animais



MARÍA NAVARRO

Unha vez máis as relacións que se establecen entre o mundo animal e o humano -neste

caso con nenos- vén a converterse no eixo fundamental que vertebra un texto que, se cadra, sen pretendelo apunta directamente á sensibilidade -sempre necesaria e pouco practicada- que o home debe manifestar para cos animais. Os nenos-protagonistas non dubidan en mostrar todo tipo de coidados cando o que os precisa é un ser indefenso, mesturados cos máis nobres sentimentos de tenrura e cariño con alguén/algo que tanto amor lles inspira. Tamén unha vez máis o mundo infantil amosa unha extraordinaria madurez á hora de comportarse cos demais.

Quizais o éxito da primeira entrega animou á escritora a redactar unha segunda parte cando "Boris" parecía ter rematado coa marcha da casa da súa dona Laura, polo que se advirte unha falta de planificación na suposta continuación que se subsana co empeño da nena de seguir disfrutando da gata, aínda que sexa na distancia. Haberá unha terceira parte? É posible.

BLANCO, Concha, Boris e compañía, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 88 páxinas

